

ASUNTO: Comunicación polo que se exige de realizar certos trámites en relación cos expedientes de gasto de contratos artigo 83 da LOU.

Ao abeiro do texto refundido do Regulamento ¹ para a contratación de servizos científicos, técnicos, artísticos ou docentes (artigo 83 da Lei Orgánica de Universidades -LOU-) a UDC ten asinados contratos con algunhas entidades. Ao abeiro destes acordos o persoal PDI experto realiza diferentes traballos de avaliación técnico-económica no ámbito da I+D+i (por exemplo, Cámara Certifica, ENAC, LGAI Technological Center e similares).

Para reducir a carga administrativa e contar coa información que a OTRI precisa no marco dos anteditos acordos, dado que xa existe un documento contractual asinado entre ambas partes, non será preciso asinar un contrato art. 83 específico por cada servizo realizado. Será suficiente co documento de encargo por parte da entidade e a aceptación do investigador responsable, sempre que o importe do servizo non supere os 1.000 euros (IVE non incluído). Tampouco será preciso a encomenda de servizo asinada polo investigador e autorizada pola vicerreitoría con competencias en investigación e transferencia.

Nos casos expostos, unha vez que o responsable de asuntos económicos (RAE) recibe a documentación para tramitar o expediente de gasto que corresponda, deberá enviar á OTRI a factura emitida pola UDC dos traballos realizados e o documento de encargo ao investigador.

A Directora de xestión económico-administrativa da OTRI, unha vez revisado o encargo e a factura expedida procederá a asinar o visto e prace na factura para a continuidade do expediente de gasto. Deste xeito non será necesario que a OTRI solicite documentación adicional aos investigadores en relación aos contratos artigo 83 que se indican.

Para a tramitación do expediente o RAE presentará a factura expedida pola UDC no portafirmas, dirixida a Directora de xestión económico-administrativa da OTRI e acompañada do contrato art. 83 ou documento de encargo que corresponda. A OTRI indicará no campo de observacións da sinatura: "rexistrado na OTRI. A Directora de xestión económico-administrativa da OTRI".

Este tratamento efectúase para que a OTRI conte con información sobre estes expedientes sen que isto implique facer trámites adicionais en relación ao contrato artigo 83 asinado.

Esta comunicación non afecta a normativa en vigor de contratos artigo 83 nin de tramitación de expedientes de gasto.

Os trámites indicados afectan aos expedientes de gasto que se tramiten a partir do día seguinte desta comunicación.

Na data da sinatura dixital

PDI
RESPONSABLES DE ASUNTOS ECONÓMICOS

¹ Regulamento publicado por Resolución do 2/9/2012 (DOGA de 1/10/2013)

Código Seguro De Verificación	h0aKgYwVhPAT1jGwxVb1hQ==		
Asinado Por	Vicexerente/a de Investigación e dos Asuntos Económicos da Investigación - María Yolanda Calaza Parajes	Asinado	14/06/2022 10:38:15
	Director/a - Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI) - María Pilar Pintor Vázquez	Asinado	14/06/2022 09:53:08
Observacións		Páxina	1/1
Url De Verificación	https://sede.udc.gal/services/validation/h0aKgYwVhPAT1jGwxVb1hQ==		
Normativa	Este informe ten o carácter de copia electrónica auténtica con validez e eficacia administrativa de ORIGINAL (art. 27 Lei 39/2015).		

